

## TAREFA ORAL INDIVIDUAL E OBRIGATORIA

### OPINIÓN PERSOAL RAZOADA SOBRE O LIBRO DE LECTURA OBRIGATORIA

- Tarefa individual.
- Gravar en audio a opinión persoal razoada sobre o libro de lectura obrigatoria.
  - Despois de ler *A neve interminable* debes producir un discurso formal en que expresedes a vosa opinión sobre o libro. Podédesvos basear nas seguintes cuestións (e engadir calquera outra información que vos pareza interesante):
    - *Gustoume/non me gustou porque...*
    - *Tiven algunha dificultade á hora de ler esta obra?*
    - *Fíxome reflexionar sobre...*
    - *Recomendaríalo? Por que?*
  - Pódevos resultar moi útil escribir o texto para organizar correctamente as vosas ideas, así como facer un guión do que ides dicir, pero non podedes memorizalo nin lelo, o voso debe ser un discurso preparado, pero *falado*.
- A vosa gravación debe durar como mínimo 1 minuto e como máximo 1 minuto e medio.
- Debedes producir un discurso formal, os coloquialismos serán penalizados.
- Non podedes ler, aínda que sexa unha gravación en audio, distínguese perfectamente unha persoa que le doutra que fala. A lectura dun texto penaliza, así como o recitado memorístico.

Este traballo valerá 0,5 puntos dos 1,5 designados á oralidade.

A copia literal ou plaxio (tanto de textos sacados de Internet ou doutras fontes como de IA) suporá a cualificación da tarefa cun cero.